

RESOLUCIÓN DA ALCALDESA-PRESIDENTA

De 23 de ABRIL de 2009 Pola que se aproban as Bases reguladoras das probas selectivas para a provisión de catro plazas de Auxiliar da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local de data 20 de abril de 2009 ven de acordar a convocatoria dun proceso selectivo para a contratación laboral temporal de catro auxiliares de policía local.

Por elo a Alcaldía-Presidencia, pola presente Resolución, veño a aprobar as bases reguladoras da convocatoria de probas selectivas para a contratación laboral temporal polo procedemento de oposición libre, de catro postos de Auxiliar da Policía Local.

Esta oposición rexerese polas seguintes bases específicas. Para todo o non previsto nestas Bases, e sen prexuízo da xerarquía normativa, será de aplicación supletoria o establecido na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, no Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, na Lei 4/2007 de Coordinación de Policía Local, e demais lexislación concordante, que sexa de aplicación.

O texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas figura no Anexo desta Resolución.

Vilagarcía de Arousa a 23 de abril de 2009.

A Alcaldesa-Presidenta

O Secretario Xeral Accidental

M^a Dolores García Giménez

Victor Manuel de Castro Conde

**ANEXO: BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE CATRO AUXILIARES DE
POLICÍA LOCAL 2009**

PRIMEIRO. Obxecto da convocatoria.

E obxecto da presente convocatoria a selección, polo procedemento de oposición libre, de catro postos de auxiliar de Policía Local para prestar servizos no Concello de Vilagarcía de Arousa, mediante contratación laboral temporal como Auxiliar de Policía Local, Grupo IV, dotada coas retribucións que correspondan con arreglo a lexislación e ao Convenio Colectivo vixente no Concello de Vilagarcía. A duración do contrato será de catro meses.

SEGUNDO. Requisitos dos aspirantes.

1. Para tomar parte na oposición será necesario:

- a) Ser español.
- b) Ter máis de 18 anos e non ter cumpridos os 58 anos de idade.
- c) Posuír a titulación que lles sexa esixible para o acceso á función pública aos funcionarios do grupo C2.
- d) Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial. Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial
- e) No padecer enfermidade nin eiva física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do cargo.
- g) Ter unha estatura mínima de 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres
- h) Non estar incurso en causa de incapacidade nin inhabilitado ou suspendido para o exercicio de funcións públicas e non ter sido separado do servizo de calquera das Administracións Públicas.

2. Os requisitos mentados deberán posuírse o día no que remate o prazo de presentación de solicitudes.

TERCEIRO. Instancias.

1. As instancias solicitando tomar parte na oposición, se dirixirán a Alcaldesa-Presidenta do Concello e se presentarán no Rexistro Xeral do Concello, durante o prazo de 7 días naturais, contados a partir do seguinte ao de publicación no taboleiro de anuncios do Concello e nun dos diarios de maior tirada de Galicia. Así como na web do Concello.

As instancias tamén poderán presentarse na forma prevista no artigo 38 da Lei 30 de 1992, de 26 de novembro, Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

2. A solicitude acompañarase inescusablemente da fotocopia do documento nacional de identidade, debidamente compulsada. Así como documentación compulsada acreditativa de posuír a titulación que lles sexa esixible para o acceso aos funcionarios do grupo C2.

CUARTO. Admisión e exclusión de aspirantes.

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia de la Corporación dictará resolución, declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos.

Dentro dos 5 hábiles seguintes a dita publicación poderanse efectuar reclamacións contra a lista de aspirantes admitidos e excluídos, así como solicitar a subsanación de erros materiais, se transcorre o prazo sen que se formule reclamación alguna, a lista elevarase a definitiva sen necesidade de nova publicación.

De producirse reclamacións serán resoltas pola Alcaldía e expostas no taboleiro de anuncios da Corporación e na web. Na mesma Resolución, virá sinalado: a composición do Tribunal, o lugar e data de reunión do tribunal e de comezo dos exercicios e a orden de actuación dos aspirantes admitidos.

O resto dos anuncios do proceso selectivo levarase a cabo no taboleiro de anuncios da Corporación e na web do Concello.

QUINTO. Tribunal.

O Tribunal/ Comisión de Selección:

1. Estará constituído polos seguintes membros:

Presidente: O Secretario da Corporación ou funcionario da mesma en quen delegue. Que actuará como secretario do tribunal.

Vocais: Tres funcionarios de carreira do Concello de Vilagarcía.

Presidente: Un funcionario de carreira do concello de Vilagarcía.

2. A designación dos membros do tribunal incluíra a dos respectivos suplentes.

3. A Comisión seleccionadora non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, a lo menos, tres dos seus membros (titulares ou suplentes, indistintamente) e, en todo caso, coa asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

A Comisión seleccionadora queda facultada para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas presentes bases.

As indemnizacións por asistencia como membros da Comisión seleccionadora faranse efectivas de acordo co disposto no artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, categoría primeira.

4. Poderán nomearse asesores do tribunal para as probas físicas, dito nomeamento deberá facerse público xuntamente co tribunal.

5. Deberán absterse de formar parte do Tribunal os membros que incorran en algunha das circunstancias previstas no artigo 28 de la Ley 30/1992, de 30 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común. Así mesmo os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando nos mesmos concorra algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 30/1992.

SEXTO. Exercicios da selección.

1. A selección dos aspirantes efectuarase polo sistema de oposición libre e constará de dúas fases:

a) Oposición.

b) Curso de formación selectivo.

Previa a realización dos exercicios procederase a práctica da talla.

2. Os exercicios da oposición serán os seguintes:

1) Primeiro (de carácter obrigatorio e eliminatorio): Consistirá en realizar as probas físicas que se especifican no anexo II e será cualificado de **apto ou non apto**.

2) Segundo (de carácter obrigatorio e eliminatorio): A proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes deberá amosar o dominio dos contidos do temario que se inclúe no anexo III. Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización. A proba cualificarase polo tribunal de **zero a dez puntos**, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula: $N = (A - F/3)/5$.

Sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas; F= preguntas erradas ou non respostadas.

3) Tercero (de carácter práctico e igualmente obrigatorio y eliminatorio): Proba específica sobre coñecemento do termo municipal e da toponimia local. O órgano de selección someterá aos/ás aspirantes a unha proba para determinar o seu nivel de coñecemento sobre as características propias do concello e a toponimia local. Cualificarase de **zero a tres puntos**, sendo necesario acadar como mínimo unha puntuación de un con cinco puntos para superala

4). Coñecemento da lingua galega. O tribunal valorará o nivel de coñecemento da **lingua galega** dos/as aspirantes, mediante unha proba que se cualificará de **zero a tres puntos**, sendo necesario acadar como mínimo unha puntuación de un con cinco puntos para superala.

3. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, quedando decaídos nos seus dereitos os opositores que non comparezan a realizalo a hora fixada, salvo os casos debidamente xustificadas e libremente apreciados polo tribunal, para os que poderá realizarse unha convocatoria extraordinaria.

4. A publicación dos sucesivos anuncios de celebración do segundo e restantes exercicios efectuarase polo tribunal no taboleiro de anuncios do Concello.

SÉTIMA. Cualificacións.

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas no segundo e terceiro exercicios.

En caso de empate, a orde establecerase atendendo a mellor puntuación obtida na terceira proba. De persistir o empate, este dirimirase por sorteo.

OCTAVA. Lista de aprobados.

Establecida a puntuación final de cada aspirante, elaborárase unha listaxe destes/as baseándose na súa puntuación e por orde decrecente, resultando aprobados/as os/as que, tendo en conta o número de postos, obtivesen as notas máis altas.

NOVENA. Curso de formación.

Os/as aspirantes que superasen a fase de oposición do proceso de selección deberán participar nun curso de formación que desenvolverá a Academia Galega de Seguridade Pública na segunda quincena do mes de maio de cada ano. Aqueles/as que xa tivesen participado e obtivesen certificado de asistencia ao dito curso, estarán exentos/as desta obriga por un período de catro anos, de acordo co previsto no artigo 48.2º do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de coordinación de policía locais.

DECIMA. Presentación de documentos e contratación

Concluído o curso de formación, no seu caso, as candidatos propostos para a súa contratación deberán incorporarse ao posto de traballo segundo as indicación do Concello de Vilagarcía, non tendo dereito a retribución algunha ata a efectiva contratación e incorporación ao posto de traballo.

Deberán presentar nas oficinas do Concello os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria:

- a) Fotocopia compulsada do D.N.I.
- b) Fotocopia compulsada do título.
- c) Declaración xurada ou promesa de non estar incurso en causa de incapacidade, non ter sido separado do servizo de ningunha Administración Pública, ni estar inhabilitado ou suspendido para o exercicio de funcións públicas e de no ter sido condenado por delito doloso.
- e) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou eiva física que lle impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto.
- f) Acreditación de ter superado o curso de formación.

Quen dentro do prazo fixado, salvo os casos de forza maior, no presentase a documentación, o do exame da mesma se deducira que carece de algún dos requisitos sinalados nas bases, non poderá ser contratado e quedarán anuladas súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que tivera incorrido por falsidade.

ONCE. Impugnación e supletoriedade.

A presente convocatoria, as bases, e tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación da Comisión Seleccionadora, poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 30 de 1992, de 26 de novembro de Procedemento Administrativo e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.



ANEXO I
Modelo de instancia

Att. D^a Alcaldesa Presidenta do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Don/dona **maior de idade,**
con D.N.I. nº **domiciliado en**
numero **de**
CP
teléfono de contacto: **email:**

Ante V.I. expón:

Que tendo sido convocadas probas selectivas para a provisión polo procedemento de oposición libre, de catro postos de auxiliar de Policía Local de Vilagarcía de Arousa.

Manifiesta: Que reúne todas e cada unha das condicións que se esixen nas bases da convocatoria e:

Solicita: Que se teña por presentada a presente instancia dentro do prazo conferido ao efecto e, en consecuencia, sexa admitido para tomar parte na oposición.

En _____, a _____ de _____ de 2009.

Sinatura

Axúntase a documentación acreditativa solicitada nas bases.

ANEXO II

Probos físicas

As probas físicas cualificaranse de apto/non apto. Para obter a cualificación de apto os aspirantes deberán acadar as marcas mínimas ou non superar as máximas que se establecen para cada proba.

II.1. Potencia tren inferior: salto vertical. Realizarase nun ximnasio ou lugar semellante con chan horizontal e cunha parede vertical e lisa.

O aspirante colocarse en posición de partida, en pé, de lado xunto a unha parede vertical, cun brazo totalmente estendido cara a arriba e sen levantar os calcañares do chan, e marcará coas dedas a altura que alcanza nesa posición. O exercicio executarase, separándose 20 centímetros da parede e saltando tan alto como poida, marcando novamente coas dedas o nivel alcanzado.

Para a correcta realización da proba deberanse observar as seguintes regras:

-Pódense mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonllos, pero non se pode separar do chan ningunha parte dos pés antes de saltar.

-Hai que realizar o salto cos dous pés ao mesmo tempo.

-Permítense dous intentos, só aos aspirantes que fagan nulo no primeiro.

A distancia entre a marca feita desde a posición de partida e a acadada co salto deberá ser igual ou superior á mínima (en centímetros) establecida no seguinte cadro para cada sexo e grupo de idade.

	18-36 ANOS	37-48 ANOS	49 OU MÁIS
HOMES	41	33	29
MULLERES	32	28	25
			En cm.

II.2. Resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chaira de terreo.

O/a aspirante colocarse na pista no lugar indicado. A posición de saída realizarase en pé.

Só se permite un intento.

O/a aspirante que abandone a carreira quedará excluído.

A proba consistirá en correr a distancia de 1.000 metros no tempo máximo (en minutos) que se recolle na seguinte táboa para cada sexo e grupo de idade:

	18-36 ANOS	37-45 ANOS	46 OU MÁIS
HOMES	4'30''	5'00''	5'15''
MULLERES	5'00''	5'30''	5'45''

ANEXO III

Proba de coñecementos. Temario

1. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais.
2. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.
3. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.
4. Lei de coordinación das policía locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.
5. A actividade da policía local como policía administrativa I: consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.
6. A actividade da policía local como policía administrativa II: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.
7. Delictos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices.
8. Delictos contra a seguranza viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos de motor. Lesións e danos imprudentes.
9. Lei de seguranza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estructura e conceptos xerais.
10. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguranza.
11. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade. Carencia do seguro obrigatorio.
12. A policía como servizo público. A policía local como policía de proximidade e de servizo. O auxiliar de policía e as súas funcións. Responsabilidades do auxiliar de policía.